



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE MONDOÑEDO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO PROXECTO INTEGRAL DE ACTUACIÓNS PARA A MELLORA AMBIENTAL DO CONCELLO DE MONDOÑEDO

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Por outra parte, María Elena Candia López, alcaldesa do Concello de Mondoñedo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de cooperación e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA), recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Segundo. Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, mediante subvencións eventuais ou continuas, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscrición de convenios.

Neste mesmo senso, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

Terceiro. O Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,





configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do goberno en materia de administración local, emerxencias e interior, entre outras.

As competencias en materia de Administración Local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

Cuarto. Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Quinto. O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellaría competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións á que se destinará a parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.

Segundo isto, a Orde do 30 de decembro de 2016, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro), aplica parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, e incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco (artigo 2.1.c).

Por outra banda, no proxecto orzamentario 2017 00054, *Proxecto de desenvolvemento dos entes locais*, existe un saldo de crédito, financiado exclusivamente con fondos propios da Comunidade Autónoma, que se considera axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia. Por esta razón, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das súas competencias, pretende colaborar coas entidades locais apoiando aquelas actuacións cuxa finalidade sexa a creación e/ou mellora de infraestruturas e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, incluídos os relacionados coa protección do ambiente.

Sexto. O Concello de Mondoñedo expuxo a necesidade de acometer o proxecto denominado Proxecto integral de actuacións para a mellora ambiental do Concello de Mondoñedo que ten como obxecto o acondicionamento de camiños forestais, un proxecto de aforro enerxético no rural, así como a actuación dunha brigada medioambiental con persoal da propia entidade

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa o fomento de todas aquelas actuacións imprescindibles e necesarias para o normal funcionamento da entidade local e que permitan potenciar e apoiar a prestación de servizos de calidade por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; asemade correspóndese con actuacións financiáveis de conformidade cos criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental e co proxecto orzamentario *Desenvolvemento dos Entes Locais*.





O Concello de Mondoñedo solicitou a colaboración da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a realización de tres accións que doutro xeito non podería levar a cabo, isto é, acondicionamento de camiños forestais, un proxecto de aforro enerxético no rural, así como a actuación dunha brigada medioambiental con persoal da propia entidade. A necesidade destas actuacións fundaméntase en razóns de diversa índole:

1. Limitacións económicas. Mondoñedo acolleuse aos préstamos facilitados polo Estado para permitir cancelar a débeda cos provedores, ao abeiro do Real decreto 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pagamento a provedores das entidades locais; xa que logo o concello está limitado por un plan de axuste que constrinxen, desde o punto de vista orzamentario, a capacidade económica e administrativa da entidade.

Por outra banda, a Lei de orzamentos xerais do estado prohibe o incremento de masa salarial e impón limitacións á contratación de persoal con fondos propios ao que se une unha escasa dispoñibilidade orzamentaria. Así mesmo, a escasa remanente de tesourería debe utilizarse exclusivamente para a amortización da débeda, tal e como establece a lei de orzamentos xerais do Estado

2. Razóns de interese público e social: Mondoñedo conta cunha poboación avellentada e moi dispersa nos núcleos de poboación das 14 parroquias que conforman o termo municipal. O concello incide no feito de que Mondoñedo é o de maior superficie dos 14 concellos que integran a comarca da Mariña Central, e que os seus 142,7 km² representan o 28,33% da superficie total da comarca. Esta realidade unida ás limitacións económicas xa expostas e as condicións orográficas e demográficas fai moi difícil conseguir o mantemento dos servizos municipais para a cidadanía.

Co obxectivo de fixar a poboación que xa reside nestes núcleos permitíndolles manter un nivel de vida digno e cunhas condicións de habitabilidade propias do momento actual, resulta imprescindible contar coa colaboración da administración autonómica na realización das actuacións formuladas.

3. Razóns de urxencia. É fundamental realizar estas actuacións coa maior urxencia posible, colaborando na prevención e extinción de incendios forestais. De feito, a brigada medioambiental realizará unha importante labor neste senso, complementando a súa actuación coa brigada de prevención e extinción de incendios, realizando unha roza en camiños de titularidade municipal que non son mecanizables, ademais de atender os avisos de extinción de incendios do distrito forestal.

Mondoñedo conta cunha ampla rede de camiños forestais que debe manter incluso no escenario actual de limitacións económicas xa mencionadas, que restrinxen a dispoñibilidade de recursos humanos, e que resulta especialmente necesaria nesta época do ano na que debe iniciarse o labor de prevención. Dentro das tarefas de prevención, inclúese o acondicionamento dos camiños que responde ao mesmo obxectivo, ao tratarse de camiños de influencia forestal. Incluso se contempla a ampliación dalgún deles co fin de permitir a súa utilización polos vehículos motobomba nos traballos de extinción de incendios forestais.

Este contexto local insírese nun marco orzamentario fortemente restritivo e necesariamente estable que afectou todas as administracións públicas, sen que a administración local sexa unha excepción neste sentido. Deste marco deriva, entre outras consecuencias, as dificultades do Concello de Mondoñedo para afrontar en solitario os compromisos





económicos que a execución das actuacións obxecto de subvención representan para a facenda municipal.

A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na eliminación das carencias nas infraestruturas municipais sobre as que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Mondoñedo.

Sétimo. Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas do Concello de Mondoñedo, co fin de que o concello conte coas instalacións municipais necesarias para o desenvolvemento das funcións que ten encomendadas, de forma que se preste un mellor servizo á veciñanza.

Oitavo. O Concello de Mondoñedo cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Noveno. En base a todo o anterior, co fin de materializar a cooperación antes descrita e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Mondoñedo acordan subscribir o presente convenio de cooperación segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de cooperación entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Mondoñedo para a execución do proxecto denominado "Proxecto integral de actuacións para a mellora ambiental do Concello de Mondoñedo ", segundo as memorias valoradas denominadas *Adecuación de camiños en Argomoso e Couboeira e Renovación de luminarias de alumeadado público para a mellora da eficiencia enerxética no Concello de Mondoñedo*, e a *Memoria de servizos brigada medioambiental*, cun orzamento total de 92.568,33 € (IVE incluído) que se xunta como anexo I a este convenio e do cal forma parte.,

Segunda. Obrigas do concello.

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do Concello de Mondoñedo:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención
2. Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.





4. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houberse, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.
 - b. Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos da cláusula oitava deste convenio.
 - c. Reintegrarse o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda da cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - d. Nos suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
5. Tramitar o expediente de contratación da obra conforme á normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, á que rexe as contratacións das administracións públicas; será o concello contratante o responsable directo das consecuencias que dos incumprimentos puidesen derivar.
6. Destinar os bens ao fin concreto para o que se concede a subvención durante un período mínimo de cinco anos, procedendo ao reintegro das cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre antes de transcorridos cinco anos do seu remate unha modificación que afecte á natureza do investimento.
7. Cumprir as obrigas de publicidade establecidas e, en especial, as determinadas na cláusula sétima deste convenio.
8. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
9. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

Terceira. Obrigas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

1. A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cooperará na realización da actuación á que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, mediante a achega máxima dun total de OITENTA MIL EUROS (80.000,00 €) con cargo ás aplicacións





orxamentarias 05.23.141A.461.0 (CP 2015 00168) e 05.23.141A.761.1 (CP 2017 00054) dos orxamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, coa seguinte distribución por aplicación orxamentaria:

Aplicación	Proxecto	Importe subvención	Orzamento	% financiamento
05.23.141A.461.0	2015 00168	20.000,00	24.545,00	81,48%
05.23.141A.761.1	2017 00054	60.000,00	68.023,33	88,21%
TOTAL		80.000,00	92.568,33	86,42%

Esta cantidade representa o 86,42% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

2. No caso de que proxecto executado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo final do proxecto.

Para estes efectos consideraranse por separado a porcentaxe da subvención para gastos de funcionamento e a porcentaxe da subvención para investimentos con relación ás respectivas actuacións pola natureza do gasto.

Cuarta. Gastos subvencionables

1. Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o concello como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio, incluso aqueles que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.
2. Con carácter xeral, considerárase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local, con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na cláusula quinta.

Quinta. Conta xustificativa

Para percibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o Concello de Mondoñedo deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado mediante a presentación da seguinte documentación:

1. Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida.
2. Certificación expedida polo secretario/a do concello, co visto e prace do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 1. O cumprimento da finalidade da subvención.
 2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, certificacións de obra, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.





3. Nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria deberá achegar:
- Acreditación de ter solicitado un mínimo de tres orzamentos.
 - Copia compulsada da resolución de adxudicación do/s contrato/s onde quede acreditado o cumprimento do establecido no referido artigo e no 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- b) Declaración complementaria referida á obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades obxecto do convenio. De habelas, a declaración incluírá unha relación detallada dos outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- c) Declaración responsable asinada polo representante da entidade beneficiaria en que se faga constar que a entidade beneficiaria non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria/s dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que as entidades locais beneficiarias se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non son debedoras por resolución de procedemento de reintegro.

- d) No suposto de obras realizadas por administración pola entidade local beneficiaria, achegarase a seguinte documentación adicional:
- A certificación do apartado b) conterá ademais unha relación dos gastos efectuados con medios ou recursos propios, ordenada segundo o concepto a que se atribúe.
 - Unha certificación emitida polo/a secretario/a-interventor/a ou interventor/a de que os gastos relacionados foron aplicados ao cumprimento do proxecto subvencionado.
- e) En cumprimento das obrigas de publicidade establecidas neste convenio, aplicables ás actuacións que teñan natureza de investimento, deberán achegar ademais:
- Fotografías do lugar ou lugares onde se teñan efectuado as actuacións, tomadas antes, durante e con posterioridade á súa realización. A presentación das fotografías farase de xeito que permita identificar os lugares e o momento da execución a que correspondan.
 - Fotografías do cartel ou carteis das actuacións, nos que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia, segundo o modelo que se incorpora no anexo II deste convenio e de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.
 - Fotografías da placa ou placas explicativas permanentes segundo o modelo que se incorpora no anexo II deste convenio, coa publicidade sobre o financiamento das actuacións.

Á vista desta documentación, a Dirección Xeral de Administración Local, que será o órgano tramitador desta subvención, expedirá certificación acreditativa do cumprimento polo concello beneficiario, dentro dos prazos establecidos, dos requisitos esixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención.

A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 30 de novembro de 2017.





Sexta. Subcontratación parcial ou total.-

1. O Concello de Mondoñedo para a execución do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio poderá subcontratar parcial ou totalmente a actividade ou investimento subvencionado, salvo que o impida a súa natureza. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.
2. En todo caso, o concello beneficiario deberá observar o establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sétima. Publicidade das obras

A entidade beneficiaria deberá dar publicidade do financiamento pola Xunta de Galicia das actuacións que teñan natureza de investimento, de acordo coa imaxe corporativa oficial.

As medidas de publicidade consistirán na colocación dun cartel publicitario e placa explicativa permanente en todos os lugares en que se desenvolvan as actuacións. Ambos os elementos axustaranse aos respectivos modelos que se incorporan no anexo II a este convenio:

- a) O cartel publicitario deberá estar colocado durante a execución das obras.
- b) A placa explicativa permanente colocarse nun lugar visible no lugar das actuacións e permanecer instalada durante, cando menos, cinco anos.

Oitava. Efectividade dos pagamentos

1. De conformidade co artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades ás entidades locais galegas (DOG núm. 201, do 2 de outubro) e para os efectos do establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.
2. O concello beneficiario está obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes á actuación subvencionada, incorporados na relación indicada na cláusula sexta, letra b).2, no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do Concello do aboamento da subvención concedida.
3. A efectividade dos pagamentos acreditarase mediante a presentación dos seguintes documentos:
 - Os gastos de persoal acredítanse mediante a presentación de nóminas, TC2 e copia do modelo 111 da AEAT de retencións e ingresos a conta do IRPF.
 - Os gastos de investimentos acredítanse mediante a presentación das facturas.
 - Os pagamentos acredítanse mediante a presentación da seguinte documentación:
 - O pagamento de gastos de investimento e das nóminas dos gastos de persoal, mediante xustificante da transferencia bancaria á conta do perceptor.
 - O pagamento das cotas da seguridade social do persoal, mediante a presentación dos TC2 e o recibo de cargo en conta emitido pola entidade bancaria a través da cal se realice o pagamento.





- Documentación xustificativa do ingreso na Axencia Tributaria das retencións e ingresos a conta do I.R.P.F., nos supostos en que este sexa subvencionable, e certificación emitida pola secretaría municipal na que conste que o importe da retención ingresada se corresponde co modelo polo secretario do concello representante da agrupación no que conste que o importe desa retención vai incluída no/s respectivo/s modelo/s 111 presentados como xustificación do gasto.

Os xustificantes de transferencias bancarias estarán debidamente identificados e selados pola entidade bancaria, e serán documentos orixinais.

Naqueles casos en que o pagamento se realice mediante banca electrónica, os xustificantes das transferencias bancarias deberán presentarse asinados e selados pola entidade beneficiaria das subvencións e nel constará a identificación da persoa e cargo que asina os xustificantes de pagamento. Para estes efectos non se admitirán selos de compulsas.

4. Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, o concello presentará un certificado da intervención municipal en que se faga constar a data de ingreso na conta bancaria do concello do aboamento da subvención.

Novena. Perda do dereito ao cobramento da subvención

Producirase a perda do dereito do Concello de Mondoñedo ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación, xustificación incompleta ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso unha causa de perda do dereito ao cobramento da subvención as seguintes:

- a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto na cláusula quinta deste convenio.
- a) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión as seguintes:
 - Non executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención. En todo caso, entenderase que non se executou o proxecto completo cando se xustifiquen gastos por importe inferior ao 60% sobre o orzamento inicial. Exceptúase aquel suposto en que a redución do custo do proxecto derive unicamente da baixa na oferta economicamente máis vantaxosa.
 - Incumprimento das obrigas de publicidade establecidas neste convenio, nos termos establecidos nas cláusulas quinta e sétima.
 - Naqueles casos en que sexa de aplicación o artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia e o concello non acredite a solicitude dun mínimo de tres ofertas de diferentes provedores e/ou a falta ou insuficiente acreditación de que a elección entre as ofertas se realizou con base en criterios de eficiencia e economía e que recaeu na oferta económica máis vantaxosa.

A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.



Décima. Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos seguintes supostos:

- a) Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.
- b) No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, o concello comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.
- c) Procederá o reintegro proporcional se o custo efectivo final do proxecto resulta inferior ao orzado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a achega debe alcanzar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.
- d) O incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos establecidos na cláusula oitava constitúe causa de reintegro das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes.
- e) Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

Décimo primeira. Compatibilidade con outras subvencións

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da obra ou equipamento subvencionados.

Décimo segunda. Facultades de inspección

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través dos seus servizos técnicos resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

Décimo terceira. Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión de mixta de seguimento, integrada por unha persoa representante da Dirección Xeral de Administración Local e unha persoa representante do concello.





A comisión rexeráse polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e estará presidida por quen acorden os membros da comisión por maioría simple e actuará como secretario quen se designe da mesma forma.

A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debendo reunirse cando así o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio
- Proposta, de ser o caso, de addendas
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

Décimo cuarta. Causas de resolución

O presente convenio extingúese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo fixado sen que se executen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- c) Por acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- e) Por calquera outra causa prevista nas leis

Décimo quinta. Vixencia do convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 30 de novembro de 2017.

Décimo sexta. Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo sétima. Publicidade do convenio

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo oitava. Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións e no Decreto 193/2011, do 6 de





XUNTA DE GALICIA

galicia

outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e demais normativa de aplicación.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por duplicado exemplar e para un só efecto, non lugar e data que se sinalan no encabezamento.

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

A alcaldesa do Concello de Mondoñedo



Alfonso Rueda Valenzuela



María Elena Candía López



Anexo I. Orzamento do proxecto

1. Brigada ambiental

	OFICIAL 1ª BRIGADA OBRAS		OFICIAL 3ª XARDINARÍA		PEÓN BRIGADA OBRAS	
	SALARIO	SEG. SOCIAL	SALARIO	SEG. SOCIAL	SALARIO	SEG. SOCIAL
MES 1	1.143,99	492,87	934,20	411,97	1.439,52	486,45
MES 2	1.143,99	492,87	934,20	411,97	1.439,52	486,45
MES 3	1.143,99	492,87	934,20	411,97	1.439,52	486,45
MES 4	1.143,99	492,87	934,20	411,97	1.439,52	486,45
MES 5	1.143,99	492,87	934,20	411,97	1.439,52	486,45
SUBTOTALS	5.719,95	2.464,35	4.671,00	2.059,85	7.197,60	2.432,25

TOTAL TRABALLADOR	8.184,30		6.730,85		9.629,85	
TOTAL	24.545,00					

2. Adecuación de camiños en Argomoso e Couboeira

Lugar	Concepto	Ud.	Prezo unitario	Prezo total
Camiño Fiouco (tramo 1)	Zahorra estendida e compactada en tramos puntuais	18,00	22,69	408,42
Camiño Fiouco (tramo 2)	Zahorra estendida e compactada en tramos puntuais	48,00	22,69	1.089,12
Camiño Fiouco (tramo 3)	Limpeza de gabias a ambos os lados, incluso retirada de sobrantes a vertedeiro	1.740,00	1,52	2.644,80
	Recheo de canteira, estendido e compactado	300,00	15,13	4.539,00
Camiño Depósito	Rasanteo e compactación de plataforma con limpeza de gabias, incluso retirada de sobrantes a vertedeiro	8.350,00	0,36	3.006,00
	Zahorra estendida e compactada en tramos puntuais	36,00	22,69	816,84
Camiño Lindín a Cuba	Rasanteo e compactación de plataforma con limpeza de gabias, incluso retirada de sobrantes a vertedeiro	5.000,00	0,36	1.800,00
Camiño Cuba a Escourido	Rasanteo e compactación de plataforma con limpeza de gabias, incluso retirada de sobrantes a vertedeiro	9.000,00	0,36	3.240,00
Camiño ao Campo do Arco	Escavación, explanación e nivelación para apertura de vial, incluso retirada de sobrante a vertedeiro	1.700,00	6,73	11.441,00
	Apertura de gabia, incluso retirada de sobrantes a vertedeiro	72,00	53,79	3.872,88
	Apertura de gabia, incluso retirada de sobrantes a vertedeiro	6,00	84,03	504,18
Orzamento de execución material				33.362,24
Gastos xerais 13%				4.337,09
Beneficio industrial 6%				2.001,73
Suma				39.701,06
IVE (21%)				8.337,22
Total orzamento por contrata				48.038,28





3. Renovación de luminarias de alumado público para a mellora da eficiencia enerxética no Concello de Mondoñedo

Lugar	Concepto	Ud.	Prezo unitario	Prezo total
Sasdónigas	Baixo consumo 45W	37,00	11,00	407,00
	Cadro	1,00	226,76	226,76
Lousada	Baixo consumo 45W	17,00	11,00	187,00
	Cadro	1,00	169,60	169,60
Estrada Carmen	Luminaria ECOL3030 60W 4000K reg.	11,00	159,00	1.749,00
San Lázaro	Luminaria ECOL3030 60W 4000K reg.	4,00	159,00	636,00
Valiño	Luminaria ECOL3030 60W 4000K reg.	16,00	159,00	2.544,00
	Cadro	1,00	303,19	303,19
Barrio Vilar	Luminaria ECOL3030 30W 4000K reg.	25,00	120,00	3.000,00
	Cadro	1,00	422,40	422,40
Barrio da Igrexa 1	Luminaria ECOL3030 30W 4000K reg.	6,00	120,00	720,00
	Cadro	1,00	114,11	114,11
Barrio da Igrexa 2	Luminaria ECOL3030 30W 4000K reg.	10,00	120,00	1.200,00
	Cadro	1,00	114,11	114,11
Barrio do Casal	Luminaria ECOL3030 30W 4000K reg.	18,00	120,00	2.160,00
	Cadro	1,00	240,40	240,40
Barrio de Pena Moura	Luminaria ECOL3030 30W 4000K reg.	19,00	120,00	2.280,00
	Cadro	1,00	43,00	43,00
Orzamento de execución material				16.516,57
IVE (21%)				3.468,48
Total orzamento por contrata				19.985,05





Anexo II. Medidas de publicidade

a) CARTEL PUBLICITARIO DURANTE AS OBRAS



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA


Espazo para inserir o escudo
ou logotipo do concello

ESPAZO PARA INSERIR A DENOMINACIÓN DO
PROXECTO SUBVENCIONADO

Orzamento: _____ €

PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO
DOS ENTES LOCAIS

Dimensións do cartel publicitario:



Observacións

As cores da Xunta de Galicia serán as definidas na correspondente imaxe corporativa.

Instrucións para o cartel

- O escudo e o nome do concello serán da mesma altura que o da Xunta e irán situados no ángulo inferior esquerdo do cartel.
- Se o proxecto comprende varias actuacións, a obriga de publicidade entenderase referida a cada unha delas.





b) PLACA EXPLICATIVA PERMANENTE



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Espazo para inserir o escudo
ou logotipo do concello

**ESPAZO PARA INSERIR A DENOMINACIÓN DO
PROXECTO SUBVENCIONADO**

**PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO
DOS ENTES LOCAIS**

Observacións sobre a placa:

- Dimensións mínimas: Tamaño DIN-A3
- Para a elección dos materiais e do sistema de colocación deberá terse en conta a durabilidade (colocación mínima durante 5 anos).

